

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11778** *Real decreto 976/2011, do 8 de xullo, polo que se modifica o Regulamento de armas, aprobado polo Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro.*

O artigo 6 da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, no seu punto primeiro, establece que «no exercicio da competencia que lle recoñece o artigo 149. 1. 26.<sup>a</sup> da Constitución, a Administración do Estado establecerá os requisitos e condicións da fabricación e reparación de armas, as súas imitacións e réplicas, e das súas pezas fundamentais; explosivos, cartuchería e artificios pirotécnicos; así como os da súa circulación, almacenamento e comercio, a súa adquisición e alleamento; a súa tenza e utilización. Do mesmo modo, poderá adoptar as medidas de control necesarias para o cumprimento daqueles requisitos e condicións».

Pola súa vez, o artigo 7 da devandita lei orgánica, no seu punto primeiro, faculta o Goberno para regulamentar as materias e actividades a que se refire o artigo anterior, en atención ás circunstancias que poidan concorrer nos distintos supostos mediante a suxeición da apertura e funcionamento das fábricas, talleres, depósitos, establecementos de venda e lugares de utilización e as actividades relacionadas con elas a requisitos de catalogación ou clasificación, autorización, información, inspección, vixilancia e control, así como a requisitos especiais de habilitación para o persoal encargado da súa manipulación; mediante a obrigatoriedade de licenzas ou permisos para a tenza e uso de armas; etc.

En virtude da devandita habilitación legal, aprobouse o Regulamento de armas, mediante o Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, co obxecto de regular os aspectos mencionados anteriormente no relativo ás armas.

O devandito real decreto permitiu incorporar ao noso ordenamento xurídico a Directiva 91/477/CEE do Consello, do 18 de xuño de 1991, sobre o control da adquisición e tenza de armas.

A dita directiva foi modificada pola Directiva 2008/51/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, polo que mediante este real decreto se modifica o vixente Regulamento de armas para adaptalo ás modificacións que introduce esta directiva.

En concreto, a Directiva 2008/51/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, obriga a modificar o Regulamento de armas en aspectos relativos, entre outros, á definición da actividade de armeiro, a regulación xurídica ex novo da figura do corretor, a marcación das armas, as comunicacións previas a cada transferencia de armas de fogo que deberán realizar os armeiros que sexan titulares de autorizacións temporais de transferencia das devanditas armas, o procedemento para a inutilización das armas de fogo, a regulación da tarxeta europea de armas de fogo, etc.

Durante a tramitación do regulamento cumpriuse co trámite de información pública previsto na alínea c) do punto primeiro do artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Este regulamento foi sometido a informe da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior e dos ministros de Defensa e de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa do vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de xullo de 2011,

## DISPOÑO

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento de armas, aprobado polo Real Decreto 137/1993, do 29 de xaneiro.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento de armas, aprobado polo Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro:

Un. Modifícanse os puntos segundo e cuarto do artigo 1 do Regulamento de armas, que quedan redactados da seguinte forma:

«2. Entenderase por peza todo elemento ou elemento de reposto especificamente concibido para unha arma de fogo e indispensable para o seu funcionamento e todo dispositivo, concibido ou adaptado para diminuír o son causado polo disparo dunha arma de fogo.

Consideraranse pezas fundamentais ou compoñentes esenciais: de armas de fogo curtas, a armazón, o ferrollo ou cilindro e o canón; de armas de fogo longas, raiadas ou de ánima lisa, a caixa ou caixón dos mecanismos, o ferrollo ou báscula e o canón; así como os mecanismos de peche de todas elas.

Para os efectos do previsto neste regulamento, as pezas fundamentais ou compoñentes esenciais rematados terán o mesmo réxime xurídico que as armas das que formen parte e quedarán incluídas na categoría en que se clasificase a arma en que se monten ou vaian ser montadas.»

«4. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste regulamento, e rexeranse pola normativa especial ditada para o efecto, a adquisición, tenza e uso de armas polas Forzas Armadas, as forzas e corpos de seguridade e o Centro Nacional de Intelixencia. Para o desenvolvemento das súas funcións tamén quedan excluídos os establecementos e instalacións das citadas forzas e corpos e do Centro Nacional de Intelixencia.»

Dous. Modifícase o artigo 2 do Regulamento de armas, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 2.

Para os efectos do presente regulamento, en relación coas armas e a súa munición, entenderase por:

1. Arma de fogo: toda arma portátil que teña canón e que lance, estea concibida para lanzar ou poida transformarse doadamente para lanzar un perdigón, bala ou proxectil pola acción dun combustible propulsor.

Para estes efectos, considerarase que un obxecto é susceptible de transformarse para lanzar un perdigón, bala ou proxectil pola acción dun combustible propulsor cando teña a aparencia dunha arma de fogo e debido á súa construción ou ao material con que está fabricada poida transformarse deste modo.

2. Arma de aire ou outro gas comprimido: armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

3. Arma antiga: arma de fogo cuxo modelo ou cuxo ano de fabricación é anterior ao 1 de xaneiro de 1890.

4. Arma artística: arma de fogo que na súa ornamentación presenta unha peculiaridade distinta ás demais da súa clase, en razón dos materiais nobres empregados ou de deseño, que lle confire un especial valor.

5. Arma automática: arma de fogo que recarga automaticamente despois de cada disparo e coa cal é posible efectuar varios disparos sucesivos mentres permaneza accionado o disparador.

6. Arma semiautomática: arma de fogo que despois de cada disparo se recarga automaticamente e coa cal só é posible efectuar un disparo ao accionar o disparador cada vez.

7. Arma de avancarga: arma de fogo na que a carga de proxección e o proxectil se introducen pola boca do canón ou, de ser o caso, pola boca da recámara do tambor. A carga de proxección é de pólvora negra ou de substancia explosiva ou pirotécnica similar.

8. Arma branca: arma constituída por unha folla metálica ou outro material de características físicas semellantes, cortante ou punzante.

9. Arma combinada: arma formada pola unión de elementos intercambiáveis ou fixos de dúas ou máis armas de distinta categoría, que poden ser utilizados separada ou conxuntamente.

10. Arma detonadora: arma destinada para a percusión de cartuchos sen proxectil que provocan un efecto sonoro e cuxas características a exclúen para disparar calquera tipo de proxectil.

11. Arma Flobert: arma de fogo portátil que utiliza munición de calibre Flobert. A devandita arma sempre é de percusión anular e pode levar unha pequena carga de pólvora ou só a carga iniciadora. A enerxía cinética en boca non pode superar os cen (100) J para ningún calibre.

12. Arma de fogo curta: arma de fogo cuxo canón non exceda de 30 cm ou cuxa lonxitude total non exceda de 60 cm.

13. Arma de fogo longa: calquera arma de fogo que non sexa unha arma de fogo curta.

14. Arma histórica: arma de fogo que se signifique especialmente pola súa relación cun feito ou personaxe histórico relevante, convenientemente acreditada.

15. Arma posta a tiro ou tomada en dente: arma de fogo que, estando en proceso de fabricación, xa está preparada para efectuar o disparo, aínda que para a súa total terminación falten aínda outras operacións.

16. Arma de repetición: arma de fogo que se recarga despois de cada disparo, mediante un mecanismo accionado polo tirador que introduce no canón un cartucho colocado previamente no depósito de municións.

17. Arma dun só tiro: arma de fogo sen depósito de municións, que se recarga antes de cada disparo mediante a introdución manual dun cartucho na recámara ou nun aloxamento especial á entrada do canón.

18. Arma basculante: arma de fogo que, sen depósito de municións, se carga mediante a introdución manual dun cartucho na recámara e ten un sistema de peche mediante báscula. Pode ter un ou varios canóns.

19. Armeiro: toda persoa física ou xurídica cuxa actividade profesional consista, en todo ou en parte, na fabricación, comercio, cambio, alugamento, reparación ou transformación de armas de fogo, as súas pezas fundamentais ou compoñentes esenciais e municións.

20. Corretor: toda persoa física ou xurídica, distinta dun armeiro, cosario, mandatario, viaxante ou representante, considerados neste regulamento, cuxa actividade profesional consista, en todo ou en parte, na compra, venda ou organización en territorio español das actividades relacionadas coas armas de fogo ou asimiladas, as súas pezas fundamentais ou municións, negociando ou concertando as citadas transaccións comerciais.

21. Desmilitarización: actividade fabril cuxo obxectivo é transformar en civil ou desbaratar unha arma de guerra.

22. Fabricación ilícita: fabricación ou montaxe de armas de fogo, as súas pezas fundamentais ou compoñentes esenciais e municións, sempre que se dea algunha das seguintes circunstancias:

Que se realicen a partir de pezas fundamentais ou compoñentes esenciais das devanditas armas de fogo que fosen obxecto de tráfico ilícito.

Que non conten con autorización da autoridade competente.

Que se achen sen marcar aquelas armas de fogo ensambladas no momento da súa fabricación, de conformidade co establecido no artigo 28 deste regulamento.

23. Imitación de arma: obxecto que polas súas características externas poida inducir a confusión sobre a súa auténtica natureza, aínda que non poida ser transformada nunha arma.

24. Localización: rastrexo sistemático das armas de fogo e, de ser posible, das súas pezas e municións, desde o fabricante ata o comprador, co fin de axudar as autoridades competentes a detectar, investigar e analizar a fabricación e o tráfico ilícitos.

25. Munición: cartucho completo ou os seus compoñentes, incluídos as vaíñas, os cebos, a carga propulsora, as balas ou os proxectís utilizados nunha arma de fogo, sempre que estes compoñentes estean autorizados en territorio nacional.

26. Munición de bala perforante: munición de uso militar que se utiliza para perforar materiais de blindaxes ou de protección que normalmente son de núcleo duro ou material duro.

27. Munición de bala explosiva: munición de uso militar con balas que conteñen unha carga que explota por impacto.

28. Munición de bala incendiaria: munición de uso militar con balas que conteñen unha mestura química que se inflama ao contacto co aire ou por impacto.

29. Munición de bala expansiva: munición con proxectís de diferente composición, estrutura e deseño co fin de que, ao impactar estes nun albo similar ao tecido carnoso, se deformen expandíndose e transferindo o máximo de enerxía nestes albos.

30. Reprodución ou réplica: arma que é copia doutra orixinal, reunindo todas as súas características, aptitudes e posibilidades de uso.

31. Tráfico ilícito na Unión Europea: adquisición, venda, entrega, traslado ou transferencia de armas de fogo, as súas pezas fundamentais ou compoñentes esenciais e municións desde ou a través do territorio dun Estado membro da Unión Europea ao doutro Estado membro se calquera dos Estados membros interesados non o tivese autorizado ou se as armas de fogo ensambladas non tiveren sido marcadas, de conformidade co establecido no artigo 28 deste regulamento.»

Tres. Modifícase o número 2 da 6.<sup>a</sup> categoría do artigo 3 do Regulamento de armas, que queda redactado da seguinte forma:

«2. As armas de fogo cuxo modelo ou cuxo ano de fabricación sexan anteriores ao 1 de xaneiro de 1890, e as reproducións e réplicas destas, a menos que poidan disparar municións destinadas a armas de guerra ou a armas prohibidas.

A antigüidade será fixada polo Ministerio de Defensa, que aprobará os prototipos ou copias dos orixinais, comunicándoo á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, ámbito da Garda Civil.»

Catro. Engádesse unha nova alínea, a e), no artigo 7 do Regulamento de armas, coa seguinte redacción:

«e) O Ministerio de Economía e Facenda, mediante o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, no control alfandegueiro das operacións de comercio exterior con países terceiros.»

Cinco. Modifícase o artigo 9 do Regulamento de armas, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Por orde do ministro do Interior regúlase un ficheiro informatizado de datos no cal se rexistrarán todas as armas de fogo, obxecto do presente regulamento, de conformidade co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as súas normas de desenvolvemento. No dito

ficheiro figura o tipo, a marca, o modelo, o calibre e o número de serie de cada arma de fogo, así como os datos de identificación necesarios do provedor e do adquirente ou posuidor, que permitan a súa localización. Os ditos datos conservaranse de xeito permanente no ficheiro.

2. A Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, ámbito da Garda Civil, facilitará o acceso ao ficheiro informatizado de datos a outras forzas e corpos de seguridade, organismos nacionais, autoridades xudiciais e Ministerio Fiscal, en virtude do disposto nas alíneas a) e d) do punto segundo do artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como a organismos internacionais e países estranxeiros, en virtude do que prevexan os acordos internacionais subscritos por España na materia.

3. En prol da colaboración que debe existir entre as distintas forzas e corpos de seguridade, deberán comunicarse oportunamente polo medio máis rápido calquera circunstancia de interese policial do que tiveren coñecemento en materia de armas, como as relacionadas co tráfico ou emprego ilícito, perda ou subtracción de armas ou documentacións, comisos, alleamentos ou calquera outra que afectaren a súa tenza e uso, sempre que for necesario para os efectos de descubrimento e persecución de actos delituosos ou infraccións.»

Seis. Modifícase o artigo 10 do Regulamento de armas, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 10.

1. Para o exercicio da actividade de armeiro, en calquera das súas modalidades, requirirase a obtención dunha autorización previa, expedida pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, ámbito da Garda Civil, sobre a base da comprobación da honorabilidade privada e profesional, a competencia e a carencia de antecedentes penais por delito doloso do solicitante, así como a acreditación das aptitudes psicofísicas necesarias salvo que, en canto a isto último, o solicitante for titular dunha licenza de armas. Cando se trate de persoas xurídicas, a comprobación referirase aos responsables da dirección da empresa.

2. Na forma disposta neste regulamento, os armeiros deberán levar rexistros nos que consignarán todas as entradas e saídas de armas de fogo, cos datos de identificación de cada arma, en particular, o tipo, a marca, o modelo, o calibre e o número de fabricación, así como o nome, o enderezo, de ser o caso, a nacionalidade, e os demais datos de identificación necesarios do provedor e do adquirente. As Intervencións de Armas e Explosivos da Garda Civil comprobarán periodicamente o cumprimento desta obriga por parte dos armeiros. Os armeiros, tras cesaren na actividade, entregarán os ditos rexistros á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil correspondente ao lugar onde radique o establecemento.

3. As actividades relacionadas coa fabricación e comercio de armas de fogo teñen a consideración de sector específico en materia de dereito de establecemento con base na Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, e na Lei 18/1992, do 1 de xullo, pola que se establecen determinadas normas en materia de investimentos estranxeiros en España.

Os investimentos estranxeiros, directos ou indirectos, en sociedades españolas que teñan por obxecto desenvolver as actividades indicadas requirirán autorización do Consello de Ministros, calquera que sexa a porcentaxe de toma de participación estranxeira no capital social da sociedade de que se trate. Os ditos investimentos axustaranse ao Real decreto 664/1999, do 23 de abril, sobre investimentos exteriores.

4. Para o exercicio da actividade de corretor requirirase a obtención dunha autorización previa. Para a súa obtención observaranse as mesmas prescricións que as establecidas no punto primeiro deste artigo para a obtención da autorización

de armeiro. En canto ao rexistro relativo á súa actividade de intermediación observarase o disposto no artigo 55 deste regulamento.»

Sete. Modifícase o artigo 28 do Regulamento de armas, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 28.

1. Todas as armas de fogo e as pezas fundamentais ou compoñentes esenciais terminados que se comercialicen por separado terán unha marcación distintiva que incluíra o nome ou marca do fabricante, o país ou lugar de fabricación e a numeración de fábrica. Igualmente, estas, así como as armas detonadoras de calibre igual ou superior al.22 ou o seu equivalente en mm disporán do punzonado dun banco oficial de probas español ou recoñecido por España, conforme as disposicións do Convenio para o recoñecemento recíproco de punzóns de proba de armas de fogo portátiles do 1 de xullo de 1969.

2. A marcación colocárase nas pistolas e revólveres na armazón e no canón; nas armas longas raiadas, no caixón de mecanismos; e nas escopetas, no propio caixón de mecanismos ou na carcasa e nos canóns; de maneira que a deterioración ou destrución da marcación converta a dita arma en ilegal.

3. No caso de armas que puideren ofrecer dúbidas ou dificultades de espazo para a inserción da marcación, esta deberá aparecer no lugar que decida o banco oficial de probas, comunicándoo á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, ámbito da Garda Civil.

4. Tamén levarán numeración correlativa as armas das categorías 3.<sup>a</sup>, 3, 4.<sup>a</sup> e 7.<sup>a</sup>, 1, 2, 3 e 6.

5. A numeración de fábrica será composta e deberá constar, en todo caso, das seguintes partes:

- a) número asignado a cada fábrica ou taller pola Intervención Central de Armas e Explosivos.
- b) número correspondente ao tipo de arma de que se trate.
- c) número secuencial de cada arma fabricada, comezando cada ano no número 1.
- d) as dúas últimas cifras do ano de fabricación.

As partes a que se fai referencia poderán constituír un número único ou dous números nos que se integren, respectivamente, as dúas primeiras e as dúas últimas partes enumeradas.

6. Os fabricantes de armas de fogo que teñan contratos con órganos do Estado numerarán independentemente as pezas fundamentais ou compoñentes esenciais obxecto deles, poñendo en cada arma, na vez da numeración a que se refire o número anterior, o contrasinal propio do órgano a que vaian destinadas. Estes contrasinais serán:

- a) Para o Exército de Terra: E.T. e numeración correlativa.
- b) Para a Armada: F.N. e numeración correlativa.
- c) Para o Exército do Aire: E.A. e numeración correlativa.
- d) Para outros usos do Ministerio de Defensa: M.D. e numeración correlativa.
- e) Para a Garda Civil: G.C. e numeración correlativa.
- f) Para o Corpo Nacional de Policía: C.N.P. e numeración correlativa.
- g) Para a Dirección Adxunta de Vixilancia Alfandegueira: S.V.A. e numeración correlativa.
- h) Para os corpos de policía das comunidades autónomas: a letra de identificación correspondente e numeración correlativa.

7. No momento en que se transfira unha arma de fogo das existencias estatais á utilización civil con carácter permanente, aplicarase á devandita arma a numeración de fábrica e a marcación distintiva que permita a súa identificación, salvo que xa a posúa.

8. Os fabricantes tamén poderán numerar independentemente as armas que fabriquen para subministracións a gobernos estranxeiros. A Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil verificará a existencia dos correspondentes contratos e controlará as numeracións especiais.

9. As armas importadas fabricadas en países terceiros, así como as pezas fundamentais ou compoñentes esenciais terminados que se comercialicen por separado, deberán levar unha marca que indique que foi España o país importador e o ano da súa importación, sempre e cando non proveñan dun país da Unión Europea que xa as marcasse como importador.

10. Exceptúanse da obriga de punzonar prevista no punto primeiro deste artigo as armas incluídas na categoría 6.<sup>a</sup> e 7.<sup>a</sup>,4 que non sexan susceptibles de facer fogo e se posúan coas condicións do artigo 107. As que sexan susceptibles de facer fogo requirirán o certificado do banco oficial de probas a que se refire a alínea c) do artigo 107 deste regulamento.»

Oito. Modifícase o artigo 29 do Regulamento de armas, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 29.

Na Intervención Central de Armas e Explosivos da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, ámbito da Garda Civil, levarase un rexistro de marcas de fábrica, de contrasinais das armas e dos punzóns dos bancos oficiais de probas, españois e estranxeiros, oficialmente recoñecidos, para cuxo efecto as fábricas e bancos oficiais de probas deberán comunicar a aquela a información necesaria.»

Nove. Modifícase o punto primeiro do artigo 30 do Regulamento de armas, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Queda prohibido vender, adquirir, posuír ou usar armas de fogo que non teñan estampados os punzóns correspondentes ás probas regulamentarias, de bancos oficiais de probas, sexan españois ou estranxeiros recoñecidos. Exceptúanse as armas incluídas na categoría 6.<sup>a</sup> e 7.<sup>a</sup>,4 que se posúan ou, de ser o caso, se usen coas condicións do artigo 107.»

Dez. Modifícase o artigo 47 do Regulamento de armas, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os comerciantes autorizados poderán ter depositadas, en locais auxiliares, as clases, número de armas e de pezas fundamentais que ampare a autorización do devandito local que expida o delegado ou, de ser o caso, o subdelegado do Goberno, cuxas medidas de seguridade serán aprobadas previamente pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, ámbito da Garda Civil,

2. Os corretores poderán ter en locais auxiliares as clases, número de armas e de pezas fundamentais que ampare a autorización que se lles expida da forma prevista no número anterior.»

Once. Insírese un novo punto, o cuarto, no artigo 49 do Regulamento de armas coa seguinte redacción:

«4. Salvo no caso dos armeiros, a adquisición de armas de fogo, as súas pezas e municións mediante técnicas de comunicación á distancia, estará sometida a autorización previa expedida pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, ámbito da Garda Civil, e ás prescricións deste regulamento.»

Doce. Modifícase o punto segundo do artigo 74 do Regulamento de armas, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Antes da data de transferencia e cunha antelación mínima de 48 horas, o armeiro autorizado deberá presentar declaración ante a Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil do lugar en que se encontren as armas, na cal, facendo referencia á propia autorización e, de ser o caso, ao permiso ou consentimento previo do país de destino, incorporará respecto ás armas e compoñentes obxecto de transferencia todos os datos relacionados no punto primeiro do artigo 73, sen prexuízo de que a referida Intervención comprobe a información facilitada.»

Trece. Modifícase o artigo 108 do Regulamento de armas, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 108.

1. Considerarase inutilizada unha arma nos seguintes supostos:

a) As armas longas con dispositivo de bloqueo de peche mediante ferrollo ou bloque de peche, de repetición, semiautomáticas ou automáticas, cando teñan tres trades no canón, de diámetro non inferior ao calibre da arma e cunha distancia entre centros de cinco centímetros, debendo estar un deles na recámara.

O canón farase solidario coa carcasa ou armazón mediante un trade que atravesese ambos os dous en sentido perpendicular ao eixe, e introducindo un pasador de aceiro inmovilizado por soldadura. O diámetro mínimo do pasador será de cinco milímetros.

O ferrollo será tradeado na parte da cubeta receptora do cartucho, en sentido axial, cun diámetro superior ao diámetro máximo admisible da base do cartucho e de lonxitude mínima de 10 milímetros ou, de ser o caso, realizarase un fresado de 45° no ferrollo de maneira que afecte o diámetro completo da cabeza do peche. Tamén se eliminará o extractor e o extremo saínte do percusor, e encherase o orificio con soldadura.

O cargador debe ser desprovisto da tella e do resorte, e os labios eliminados.

b) As armas longas basculantes deben ter tres trades en cada canón, de diámetro non inferior ao calibre e distanciados entre centros cinco centímetros, un deles afectando a recámara. No caso das escopetas os trades serán como mínimo de oito milímetros de diámetro.

Elimínanse na báscula todas as pezas que compoñen o mecanismo de disparo (agás o propio gatillo), enchéndoo con soldadura.

c) As pistolas deben ter no canón un fresado lonxitudinal a partir do plano de culata, dunha anchura igual ou superior ao 75% do calibre da arma e dunha lonxitude como mínimo do 30% da do canón.

A corrediza será tradeada na parte da cubeta receptora do cartucho en sentido axial, cun diámetro superior ao diámetro máximo admisible da base do cartucho e dunha lonxitude mínima de dez milímetros ou, de ser o caso, realizarase un fresado de 45° na corrediza de maneira que afecte o diámetro completo da cabeza do peche.

Eliminaranse o extractor e o extremo saínte do percusor, e encherase o orificio con soldadura. Unha das guías da armazón será eliminada polo menos nun 50% da súa lonxitude.

O cargador será desprovisto da tella e do resorte e os labios eliminados.

d) Os revólveres deben ter un fresado no canón de forma similar ás pistolas.

O tambor debe ter as paredes de separación das recámaras cortadas polo menos nun 75% da súa lonxitude.

e) As armas de bloqueo por inercia deben ter o canón fresado a partir do plano de culata nun 30% da súa lonxitude como mínimo, cunha largura igual ou superior ao 75% do calibre da arma.



O bloque de peche tradeado na súa parte frontal cun trade de diámetro superior nun 20% ao da base do cartucho, en sentido axial e lonxitude superior a dez milímetros ou, de ser o caso, realizarase un fresado a 45° no bloque do peche de xeito que afecte o diámetro completo da cabeza do peche. Tamén se eliminará o extremo saínte do percusor e o orificio encherase con soldadura.

f) As armas de avancarga deben levar no canón tres trades de diámetro do calibre como mínimo, distanciados cinco centímetros entre centros, un deles afectando a culatiña de peche.

Queda terminantemente prohibida a inutilización de armas de avancarga que formen parte do patrimonio histórico español.

2. A inutilización dunha arma de fogo, agás a das armas de guerra ou as de dotación das forzas armadas, Corpo Nacional de Policía e Corpo da Garda Civil, deberá contar coa aprobación previa da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil ou, de ser o caso, coa da División de Persoal do Corpo Nacional de Policía ou Intervención do Exército correspondente. A devandita inutilización levaraa a cabo un banco oficial de probas, servizos de armamento, centros do Ministerio de Defensa ou un armeiro autorizado. Unha vez efectuada aquela, o banco oficial de probas procederá a punzonar na arma o cuño de inutilización, consistente nun «I» maiúsculo enmarcado nun círculo, xunto co cuño propio indicativo do banco de probas. O devandito banco emitirá un certificado de inutilización cos datos da arma e do propietario, o cal se remitirá xunto coa arma á Intervención de Armas da Garda Civil para a súa entrega ao interesado, e outra copia do certificado remitirase ao servizo do Corpo Nacional de Policía ou Intervención do Exército que, de ser o caso, aprobou a inutilización.

3. As armas de guerra e aqueloutras de dotación das forzas armadas poderán ser inutilizadas polos centros do Ministerio de Defensa que se establezan ou por un banco oficial de probas, emitindo un certificado de inutilización que deberá asinar persoal dos corpos de enxeñeiros dos Exércitos. As armas inutilizadas deberán ser punzonadas co cuño de inutilización, consistente nun «I» maiúsculo enmarcado nun círculo, xunto co cuño propio indicativo do centro que realiza a inutilización. As inutilizacións realizadas serán comunicadas á Intervención de Armas do Exército correspondente que as solicitase, que levará un rexistro destas.

4. As armas de dotación do Corpo Nacional de Policía e do Corpo da Garda Civil poderán ser inutilizadas polo respectivo Servizo de Armamento ou por un banco oficial de probas, emitindo un certificado de inutilización que deberá asinar o responsable do Servizo de Armamento que se designe para tal efecto. As armas inutilizadas deberán ser punzonadas co cuño de inutilización, consistente nun «I» maiúsculo enmarcado nun círculo, xunto co cuño propio indicativo da unidade. As inutilizacións realizadas serán comunicadas, de ser o caso, ao servizo de armamento que as solicitase.

5. As persoas ou organismos mencionadas nos números anteriores que leven a cabo as operacións de inutilización das armas de fogo deberán levar un rexistro, que poderá realizarse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, no que constarán, polo menos, o número de certificado, o número da autorización e o número de documento nacional de identidade do adxudicatario, no caso de cidadáns españois, ou o número de identidade de estranxeiro ou de calquera outro documento de identidade, no caso de que o adxudicatario sexa estranxeiro, a procedencia e recensión das armas de fogo que se inutilicen.

Dentro dos cinco primeiros días do mes seguinte á inutilización, remitirán un arquivo cos datos indicados á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil (Rexistro Central). Nos casos previstos nos puntos terceiro e cuarto deste artigo unicamente se remitirá o dito arquivo cando as armas pasen a propiedade particular.

6. As armas inutilizadas a que se refire o presente artigo poderanse posuír sen limitación de número, no propio domicilio, acompañadas do correspondente

certificado expedido ou transmitido ao seu nome. No caso de que a arma inutilizada cambiar de titular, o adquirente deberá comunicar a dita circunstancia e remitir o certificado á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil correspondente ao seu domicilio, co obxecto de que esta anote o dito cambio.

7. As Intervencións de Armas e Explosivos da Garda Civil poderanlles requirir aos posuidores de armas inutilizadas a súa presentación, co obxecto de realizar as comprobacións que consideren oportunas.

8. Asímlanse a armas de fogo inutilizadas aquelas que foron seccionadas lonxitudinalmente en todas as súas pezas fundamentais deixando ver os mecanismos interiores e que se utilizan co único propósito de ensino nos centros autorizados para iso.»

Catorce. Modifícase o artigo 112 do Regulamento de armas, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 112.

1. Salvo que se utilice un dos procedementos regulados nos artigos 72 a 76 deste regulamento, a tenza de arma de fogo regulamentada durante unha viaxe por España por parte dun residente doutro país membro da Unión Europea soamente será autorizada pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, ámbito da Garda Civil, se o interesado obtivo para tal efecto a tarxeta europea de armas de fogo.

2. Igualmente, os españois e estranxeiros residentes en España que se despracen a outro país da Unión Europea deberán estar en posesión da tarxeta europea de armas de fogo.

3. Ás persoas mencionadas no punto primeiro poderá concedérselles unha autorización para un ou varios desprazamentos e para un prazo máximo dun ano, renovable. A devandita autorización farase constar na tarxeta europea de armas de fogo, que o viaxeiro deberá exhibir dentro de España ante todo requirimento dos membros das forzas e corpos de seguridade.

4. Non obstante o disposto no punto primeiro, os cazadores respecto ás armas de caza das categorías 2.<sup>a</sup>, 2 e 3.<sup>a</sup>, 2, e os tiradores deportivos respecto ás armas de concurso das categorías 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup>, poderán ter no seu poder sen autorización previa unha ou varias armas de fogo durante unha viaxe a España co fin de practicaren as súas actividades, sempre e cando estean en posesión dunha tarxeta europea de armas de fogo, na que se enumeren a dita ou ditas armas de fogo e poidan probar o motivo da viaxe, en particular exhibindo un convite ou outra proba das súas actividades de caza ou de tiro deportivo no noso país. Non se poderá condicionar a aceptación dunha tarxeta europea de armas de fogo emitida por outro Estado ao pagamento de taxas ou canons.»

Quince. Modifícase o artigo 113 do Regulamento de armas, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 113.

1. A tarxeta europea de armas de fogo será expedida, logo de solicitude, pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, ámbito da Garda Civil, aos residentes en España que estean debidamente documentados para a tenza e uso en territorio español das armas de que se trate. Será válida por un período máximo de cinco anos, que poderá prorrogarse mentres se mantéña a titularidade das armas que ampare. A tarxeta europea de armas de fogo será intransferible e faranse constar nela a arma ou as armas de fogo que posúa e utilice o titular da tarxeta. O usuario da arma de fogo deberá levar sempre consigo a tarxeta. Mencionaranse na tarxeta os cambios na tenza ou nas características das armas, así como a perda ou roubo destas. Os visados que se leven a cabo sobre esta tarxeta cando sexa utilizada para a súa entrada en España non estarán gravados por ningún tipo de taxa ou canon.

2. Ao expedir a tarxeta europea de armas de fogo informárase por escrito o titular sobre os Estados membros da Unión Europea que teñan prohibidas ou sometidas a autorización a adquisición e tenza das armas de fogo a que se refira a tarxeta.»

Dezaseis. Modifícase o punto segundo do artigo 114 do Regulamento de armas, que queda redactado da seguinte forma:

«2. A tarxeta de identidade militar será considerada ademais como licenza A para o persoal a que se refire o número 1.a) e b) que se encontre na situación de excedencia voluntaria pola causa prevista na alínea e) do artigo 31 do Regulamento xeral de adquisición e perda da condición de militar e de situacións administrativas do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 1385/1990, do 8 de novembro, ou en reserva ocupando posto orgánico do Ministerio de Defensa ou, de ser o caso, do Ministerio do Interior, e para o persoal estatutario permanente do Centro Nacional de Intelixencia indicado nos puntos 1.a) e b) deste artigo.»

Dezasete. Modifícanse os puntos primeiro, terceiro e cuarto do artigo 166 do Regulamento de armas, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Toda autoridade ou axente dela que, en uso das súas facultades, comise ou interveña armas de fogo, pezas fundamentais ou compoñentes esenciais deberá dar conta á Garda Civil, depositándoas na Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil correspondente. Ao procederse ao citado depósito deberanse indicar os datos necesarios para a súa identificación e os do procedemento correspondente.»

«3. Se as armas, pezas fundamentais ou compoñentes esenciais son achegadas a un proceso penal, o seu depósito, destrución, conservación ou destino rexeráse pola Lei de axuízamento criminal e as normas sobre conservación e destino de pezas de convicción.

4. Sen prexuízo do disposto na normativa mencionada no número anterior, se os xulgados e tribunais consideraren que non se poden custodiar nos seus locais coas debidas condicións de seguridade, poderán remitirse baixo recibo á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil do lugar onde se ocupen ou interveñan as armas, onde permanecerán á disposición daqueles ata que produzan os seus efectos nos correspondentes procedementos.»

**Disposición adicional primeira.** *Referencias ao gobernador civil.*

As alusións contidas no Regulamento de armas ao gobernador civil e ao Goberno Civil entenderanse referidas, respectivamente, ao delegado ou Delegación do Goberno na comunidade autónoma na provincia onde radique a súa sede ou, de ser o caso, ao subdelegado ou Subdelegación do Goberno na provincia correspondente.

**Disposición adicional segunda.** *Referencias á Dirección Xeral da Garda Civil.*

As alusións contidas no Regulamento de armas á Dirección Xeral da Garda Civil entenderanse referidas á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, ámbito da Garda Civil.

**Disposición adicional terceira.** *Referencias á Intervención de Armas da Garda Civil.*

As alusións contidas no Regulamento de armas á Intervención de Armas da Garda Civil entenderanse referidas á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil.

**Disposición adicional cuarta.** *Referencias á Comunidade Económica Europea.*

As alusións contidas no Regulamento de armas á Comunidade Económica Europea entenderanse referidas á Unión Europea.

**Disposición adicional quinta.** *Referencias ao Regulamento de explosivos.*

As alusións contidas no Regulamento de armas en materia de munición ao Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, entenderanse referidas ao Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, aprobado polo Real decreto 563/2010, do 7 de maio.

**Disposición transitoria única.** *Cambio de titularidade das armas inutilizadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

1. As inutilizacións das armas que fosen efectuadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, así como os seus certificados acreditativos, conservarán a súa validez.

2. As armas que dispoñan dun certificado ou documento en que se faga constar a inutilización dunha arma de fogo ou unha marcación distintiva de terse levado a efecto esta, realizada nun Estado membro da Unión Europea, conservarán igualmente a súa validez.

3. Non obstante o disposto nos números anteriores, se tras a entrada en vigor deste real decreto se transmitir *inter vivos* a propiedade dunha arma que foi inutilizada con anterioridade á devandita circunstancia, a inutilización desta deberá adaptarse ao previsto neste real decreto, salvo que esta se inscriba no libro de coleccionista previsto na alínea b) do artigo 107 do Regulamento de armas. Así mesmo, o adquirente deberá comunicar a devandita circunstancia e remitir o certificado de inutilización á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil correspondente ao seu domicilio, co obxecto de que esta anote tal cambio de titularidade.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas prevista no artigo 149.1.26.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira segunda.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2008/51/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, pola que se modifica a Directiva 91/477/CEE do Consello, do 18 de xuño de 1991, sobre o control da adquisición e tenza de armas.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO